

**RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO
DESENVOLVEMENTO PARA ONGD GALEGAS OU CON DELEGACIÓN EN GALICIA 2017,
PROBADA POLA ASEMBLEA XERAL DE SOCIOS DO FONDO GALEGO DO 12/12/2017**

A Asemblea Xeral de Socios do Fondo Galego aprobou o 15 de marzo do 2017 a apertura do proceso de convocatoria de proxectos de cooperación ao desenvolvemento para ONGD galegas ou con delegación en Galicia.

Escoitado o Consello Municipalista de Cooperación, reunido o día 24 de maio de 2017, a Comisión Executiva aprobou as Bases que rexen a convocatoria de proxectos 2017. De conformidade con elas, entre o 23 de xuño ao 22 de xullo mantívose aberto o prazo para a presentación das propostas.

O 15 de novembro, coa participación de representantes dos Concellos de Rianxo, Redondela, Santiago de Compostela e a Deputación de Lugo, ademais da Secretaría Técnica do Fondo Galego, a Comisión Avaliadora formulou unha proposta de resolución que foi trasladada á Comisión Executiva, previa análise e avaliación das propostas.

Desta maneira, a 17 de novembro de 2017 a Comisión Executiva formulou a presente Proposta de Resolución en conformidade coas Bases da convocatoria de proxectos 2017.

De conformidade co disposto no artigo 10.e. dos Estatutos da asociación, esta Proposta foi sometida á Asemblea xeral de socios, que acordou a súa aprobación, e segundo a cal

ACÓRDASE O FINANCIAMENTO DOS SEGUINTE PROXECTOS:

- **Polo dereito a unha educación afectiva e sexual saudable para crianzas, adolescentes e mocidade do municipio de Chinautla**

País: Guatemala

Entidade solicitante: ONGD InteRed

Orzamento total: 52.487,78€

Orzamento solicitado: 49.861,14€

- **Mellora do acceso ao dereito humano á auga e das prácticas de hixiene adecuadas de 1.824 habitantes (932 mulleres e 892 homes) da localidade de Carantaba (Sector de Contoubel, región de Bafatá)**

País: Guinea Bissau

Entidade solicitante: ONGD Asemblea de Cooperación pola Paz

Orzamento total: 62.973,18€

Orzamento solicitado: 50.000€

- **Fortalecemento de capacidades técnicas para a xestión pública de calidade en proxectos de abastecemento de auga a comunidades rurais nos 7 municipios da mancomunidade Nasmar**

País: Honduras

Entidade solicitante: ONGD Asociación Enxeñería sen Fronteiras Galicia

Orzamento total: 41.065,19€

Orzamento solicitado: 36.742,12€

OBSERVACIÓNS: A suma das cantidades solicitadas e concedidas ascende a 136.603,26€. Polo tanto, quedarían por executar un total de 13.396,74€ comprometidos na convocatoria. A Asemblea Xeral aproba que dito importe sexa destinado á área de proxectos de cooperación ao desenvolvemento para o ano 2018, concretamente á partida de axudas de emerxencia.